

DECRETO NÚM.:**ASUNTO:**

CONVOCATORIA CONCELLO PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA

Motivación celebración sesión extraordinaria: Resultando necesario o pronunciamento do Pleno do Concello sobre determinados asuntos cuxa resolución non permite esperar a ser tratados na vindeira sesión ordinaria da Corporación municipal.

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 50 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante ROF), e demais lexislación concordante,

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **15 DE XUÑO DE 2020 (LUNS)**, ás **10:30 horas (dez e media da mañá)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1	SORTEO PÚBLICO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA A CELEBRAR O 12 DE XULLO DE 2020
2	BONIFICACIÓN IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES
3	MODIFICACIÓN E REDACCIÓN ÍNTEGRA DA ORDENANZA: - NÚM. 20 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLAOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA
4	RATIFICAR E TOMAR COÑECEMENTO DOS DECRETOS DO ALCALDE NOS QUE SE APROBA CORRIXIR DEFICIENCIAS NO ACORDO PLENARIO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO POS+2020, NO DECRETO DO ALCALDE QUE CORRIXE DEFICIENCIAS E OS PROXECTOS TÉCNICOS CORRIXIDOS DAS OBRAS E AS PPT DAS SUBMINISTRACIÓNS
5	RATIFICAR E TOMAR COÑECEMENTO DOS DECRETOS DO ALCALDE NÚM. 370/2020 DO 27/05/2020 DE PARTICIPAR NO POS+ADICIONAL 1/2020, PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 E O DECRETO DO ALCALDE NÚM. 382/2020 DO 29/05/2020, QUE CORRIXE E RECTIFICA OS ERROS ATOPADOS NO DECRETO NÚM. 370/2020 DO 27/05/2020.

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da presente resolución.

APELIDOS E NOME	GRUPO POLÍTICO	
ANTELO ÁLVAREZ , JESSICA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notifícarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba,
 O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

David Barbeira García

Cristina Alonso Losada